



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN.

OBXECTO DO CONTRATO: Trátase da realización do proxecto de obra: **“Asfaltado de viais en Codesoso, Cumbraos, Grixalba, Nogueira, Porta e Roade** según o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. José Antonio Castrillón Manso, en data 16 de Febreiro de 2017, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2017.

Este proxecto foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno Extraordinario da Corporación de data 22/02/2017, como consecuencia da aprobación da participación do Concello no POS+ 2017 no que se incluiu este investimento financeiramente sostible, aplicando a achega provincial asignada inicialmente do POS+2017; posteriormente ante a aportación adicional do POS+ Complementario 2017, aprobouse a modificación do proxecto en Xunta de Goberno Local de data 05/10/2017.

Constan Circulares da Deputación Provincial aceptando a inclusión e financiación do proxecto con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos POS+ Adicional 2017), polo que se trata dunha actuación financiada o 100% pola Deputación Provincial de A Coruña, o cal non produce alteracións orzamentarias en canto ao cumprimento da regra de gasto e estabilidade orzamentaria.

XUSTIFICACION DA NECESIDADE DA CONTRATACION

Xustifícase a necesidade de contratación conforme á Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) pola obrigatoriedade que a Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que artigo 26.1. da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, establece que:

“Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: En todos os Municipios.....acceso aos núcleos de poboación....., pavimentación de vías públicas”.

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a satisfacción do servizo público de pavimentación de vías públicas e acceso aos núcleos de poboación, pois coa execución desta obra preténdese dotar aos viais dun firme máis resistente e duradeiro, polo que diariamente acceden as súas vivendas os veciños e a maquinaria agrícola das explotacións da zona , dado o mal estado en que se atopa o firme na actualidade , e supoñendo unha mellora nos accesos aos núcleos de poboación.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: O importe total do proxecto ascende á cantidade de 70.354,09 euros máis 14.774,36 euros de IVE, estando os custos xustificadas no proxecto.

XUSTIFICACION DA NON DIVISION EN LOTES.

A non división en lotes xustifícase mediante informe da técnico municipal de data 29 de Novembro de 2018.



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

O proxecto contén 13 intervencións separadas, e vista a natureza das obras (infraestrutura), a escasa entidade que representa cada unha delas por separado, e dado que a realización de cada unha delas por separado require unha disposición de medios de certa índole en canto que maquinaria, que non se aconsella tal división, pois as partes resultantes serían excesivamente pequenas mentras que os medios para facer cada unha delas sería excesivo en proporción, resultando economicamente inviable e indo en contra dunha boa coordinación na execución a causa do incremento de medios por repetición e ou solape dos mesmos.

Ademáis produciríase un retraso na licitación polas tarefas previas de carácter técnico precisas para a mencionada división. Asemade tal división suporía un importante custo económico para o concello ao implicar maior dedicación do seu persoal pola necesidade de redactar documentos independentes para cada lote. A dirección técnica das obras se complicaría con tal división debido ao número de contratantes adxudicatarios.

PROCEDEMENTO DE CONTRATACION: Proponse utilizar o procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación con aplicación de xuícios de valor e criterios de apreciación automática, polos seguintes motivos:

- O importe da contratación é moi inferior ao límite legal que a LCSP establece para tal procedemento e polo tanto pode utilizarse .
- Trátase dun procedemento áxil que permitirá cumprir con maior facilidade os perentorios prazos que a Deputación impón para a licitación.
- Ao introducir outros factores de valoración ademáis do prezo, permitirá escoller a mellor oferta para a Admon sen atender exclusivamente a cuestión económicas, e tendo máis en conta a relación calidade-prezo.

REQUISITOS DE SOLVENCIA: Ao tratarse de obras de Plans provinciais é preceptivo o uso dos Pregos aprobados ao respecto pola Deputación Provincial polo que as consideracións sobre solvencias son adecuadas ao especificado na Lei.

En canto á clasificación esixida para considerar acreditada solvencia, é segundo o indicado no propio proxecto técnico é a de: Grupo: G.- Subgrupo: 6.- Categoría a.

RESPONSABLE DO CONTRATO: A directora de obra (técnica municipal).

Documento asinado digitalmente polo Sr. Alcalde nada que figura á marxe